

Amnistía Internacional - Vigo

40 aniversario

AMNISTÍA
INTERNACIONAL
www.es.amnesty.org



Do 22 de novembro de 2022
ao 29 de xaneiro de 2023

.....

Casa das Artes

CONCELLO
DE VIGO





Amnistía Internacional - Vigo

40 aniversario



.....

Que mellor saúdo - 40 anos de presenza en Vigo e na provincia de Pontevedra - que lembrar o punto onde comeza a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, coa firme promesa - e tamén advertencia - que figura nas frases iniciais do preámbulo:

"...a liberdade, a xustiza e a paz no mundo baséanse no recoñecemento da dignidade intrínseca e dos dereitos iguais e inalienables de todos os membros da familia humana"

"...o descoñecemento e o desprezo dos dereitos humanos levan provocado actos de barbarie que son indignantes para a conciencia da humanidade..."

"...É esencial que os dereitos humanos estean protexidos por un réxime de dereito, para que a humanidade non se vexa obrigada a recorrer ao recurso supremo da rebelión contra a tiranía e a opresión"

Ao desacreditar a opresión e o desprezo polos seres humanos que marcaron a historia da humanidade, Amnistía Internacional axudou a infinidade de persoas a gañar máis liberdade desde a súa creación. Evitáronse as vulneracións, moitas persoas poden vivir libres de torturas, de cárceres inxustificadas, de persecucións e discriminacións aínda que, por desgraza aínda quedan moitas a quen axudar.

Os Dereitos Humanos (DD.HH.) son dereitos demasiado importantes para deixalos unicamente en mans dos gobernos, por iso a rede de solidariedade que representan grupos de activistas como o de Vigo desde hai 40 anos é fundamental co seu apoio.

Porque é certo, depende de nós, de cada tipo de público ao que poidamos chegar en cada cidade,

provincia e país onde aínda queda marxe para expresar ideas, participar nas decisións e alzar a voz.

Trátase de defender o sistema de dereitos humanos e de actuar. Xa que o dereito á xustiza, á igualdade, á liberdade, á dignidade e os imperativos de compaixón e solidariedade cara aos demais son principios e obxectivos fundamentais, invariables e universais.

A universalidade dos dereitos é o que nos une: a convicción de que toda vida humana é valiosa.

Os defensores e as defensoras dos dereitos humanos do mundo enteiro están á vangarda polo seu traballo, dedicación e sacrificio. Vivamos onde vivamos, ou sexa cal sexa a circunstancia na que nos atope-mos, a maioría de nós temos a capacidade de marcar a diferenza. É unha responsabilidade persoal.

Adóitase dicir que as violacións dos dereitos humanos de hoxe darán lugar aos conflitos de mañá. Esperemos que estas efemérides, como a que agora celebramos en Vigo, nos recorden as catástrofes e as violencias catastróficas que se poden producir cando incumprimos os compromisos adquiridos cos valores universais da humanidade.

A súa defensa convértenos en protagonistas e vixilantes deles. É unha acción colectiva, un compromiso pola transformación social construíndo lazos que fomenten a participación cidadá exercéndoos.

Coordinador AI Vigo

Amnistía Internacional - Vigo

40 aniversario

Casa das Artes. Planta primeira.
Policarpo Sanz, 15. Vigo

**Do 22 de novembro de 2022
ao 29 de xaneiro de 2023**

Luns a venres: de 18.00 a 21.00 h

Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 18.00 a 21.00 h

Domingos e festivos: de 12.00 a 14.00 h



DESCARGA
TEXTOS



DESCARGA
FOLLETO

**Horarios especiais
de Nadal**

Sábados 24 e 31 de decembro de 2022:
de 12:00 a 14:00 h e de 16:00 a 19:00 h.

Domingos 25 de decembro de 2022
e 1 de xaneiro de 2023, e festivo do
6 de xaneiro de 2023: pechado.

PO 686-2022